

## IV. ENTIDADES LOCAIS

### CONCELLO DA RÚA

#### *APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO DE LUDOTECA, COIDADO DE NENAS E NENOS E DO TEMPO DE LECER*

Ao non se presentaren reclamacións contra o Acordo do Pleno do 13 de xaneiro de 2025, relativo á aprobación inicial da Ordenanza reguladora do servizo de ludoteca, coidado de nenas e nenos e do tempo de lecer, o acordo queda aprobado definitivamente e o texto íntegro da ordenanza é o que figura como anexo deste edicto. Contra a súa aprobación definitiva cabe interpor o recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, con sede na Coruña, no prazo de dous meses a partir do día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Ourense.

A Rúa, 7 de abril de 2025. A alcaldesa.

Asdo.: María González Albert.

#### **Ordenanza reguladora do servizo de ludoteca, coidado de nenas e nenos e do tempo de lecer.**

##### Artigo 1º. Finalidade e réxime xurídico

Exercitando a facultade recoñecida no artigo 25.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, que determina competencias do Concello para promover cantas actividades e servizos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, declarando expresamente no apartado 2.k) do devandito artigo que exercerán competencias de prestación de servizos sociais.

Esta ordenanza regula as condicións xerais de admisión e funcionamento da ludoteca, coidado de nenas e nenos e do tempo de lecer do Concello da Rúa.

##### Artigo 2º. Obxecto

A ludoteca, coidado de nenas e nenos e do tempo de lecer constitúen un servizo público de conciliación da vida familiar e laboral. Para as nenas e nenos usuarios o servizo proporciona un espazo no que se desenvolven actividades lúdicas, recreativas, educativas e culturais durante o tempo libre a través dun Proxecto Lúdico Socio-educativo, que busca desenvolver neles valores como a comunicación, o respecto, o compromiso e a cooperación favorecendo o desenvolvemento integral do neno/nena a través do xogo e en coordinación cos recursos da zona a cargo de profesionais especializados/as no tema.

##### Artigo 3º. Finalidade do servizo

A ludoteca, coidado de nenas e nenos e do tempo de lecer, deben posibilitar que os recursos cos que contan sirvan para favorecer o desenvolvemento integral das/os nenas/os que as utilicen. Este desenvolvemento integral, obxectivo ao que se dirixirá a intervención das/os profesionais, axustarase nas súas actuacións aos seguintes obxectivos máis particularizados:

- Favorecer e estimular o xogo das nenas e dos nenos.



- Ofrecerlle á poboación infantil novas posibilidades lúdico-educativas e de tempo libre.
- Fomentar a autonomía dos/as nenos/as, dándolles posibilidades de elección, decisión e toma de responsabilidades.
- Potenciar hábitos e pautas de comportamento en torno a diversos eixos: respecto, hixiene, orde e convivencia, así como o desenvolvemento de aprendizaxes, destrezas ou habilidades propias de cada tipo de xogos.
- Ofertar as mesmas oportunidades de xogo ás nenas e nenos, favorecendo e fomentando a igualdade e a non discriminación por motivo de xénero, etnia, nivel económico, minusvalías...
- Potenciar o uso de todo tipo de xoguetes, tanto para nenas como para nenos
- Fomentar o bilingüismo real do galego e o castelán como linguas presentes no concello para poder responder á evolución sociolingüística actual e futura, ofertando a oportunidade ás nenas e nenos de expresarse e traballar en ambas linguas e posibilitando o seu uso.
- Apoiar as necesidades da/o nena/o, tanto educativas como lúdicas.
- Contribuír ao desenvolvemento de accións, solución de conflitos, aceptación de responsabilidades, interpretación de intencións comunicativas.
- Estimular a súa espontaneidade, imaxinación, creatividade, axilidade mental, motricidade, capacidade de atención, etc.
- Axudar a regular as tensións do neno.
- Posibilitar a aprendizaxe significativa da/o nena/o.

## Artigo 4º. Duración e horario do servizo

1. O servizo de ludoteca e coidado de nenas e nenos ofertarase na Rúa durante un período de 10 meses ao ano. Iniciarase en setembro, na data en que comece a actividade escolar nos centros educativos do Concello e rematará o 30 de xuño do exercicio posterior.

a. O horario do servizo de ludoteca é de 7.30 a 9.15 horas en horario de mañá e de 15.30 a 19.45 horas en horario de tarde de luns a venres. Quedan excluídos deste servizo os días festivos, así como as fins de semana.

2. O Servizo de “Tempo de Lecer” desenvolverase durante os meses de xullo e agosto en horario de 7.45 a 13.45 horas de luns a venres. Quedan excluídos deste servizo os días festivos, así como as fins de semana. A matriculación no Tempo de Lecer farase por períodos quincenais.

3. Por causas debidamente xustificadas poderanse modificar estes horarios por acordo da Xunta de Goberno Local, previo informe das/dos profesionais do servizo.

## Artigo 5º. Destinatarias/os e límite de prazas

### 1. Destinatarias e destinatarios:

a. As prazas do servizo de Ludoteca e Coidado de nenas e nenos terán como destinatarios/as ás nenas e nenos de idades comprendidas entre 3 e 11 anos de idade. Estímase a posibilidade de



incorporar excepcionalmente a rapaces e rapazas de 2 anos que vaian cumprir 3 anos nese ano e de 12 anos no caso de estaren aínda cursando estudos de 6º de Primaria.

b. As prazas do Servizo de Tempo de Lecer terán como destinatarios ás nenas e nenos de idades comprendidas entre 3 e 11 anos de idade. Estímase a posibilidade de incorporar excepcionalmente a rapaces e rapazas de 2 anos que vaian cumprir 3 anos nese ano e de incluír como destinatarios do servizo de tempo de lecer aos nenos e nenas de 12 e, excepcionalmente, de 13 anos se estivesen cursando estudos de 6º de Primaria

## B. Límite de prazas.

a. A Ludoteca e Coidado de nenas e nenos terá un máximo de 50 prazas de acceso libre ocupadas en calquera dos seus horarios. As/os usuarias/os estarán repartidos en dúas aulas: a primeira delas para nenas e nenos de 1º de Infantil a 2º de Primaria e a segunda para as/os de 3º de Primaria a 6º de Primaria. Neste senso, buscarase un equilibrio nas matrículas buscando que en cada un dos espazos non haxa máis de 25 nenas/os.

i. Para os casos en que as circunstancias socio-familiares ocasionen un grave risco de exclusión para o neno ou nena resérvanse tres prazas de acceso directo. Estas tres prazas serán ditaminadas, no caso de concederse, polos Servizos Sociais do Concello da Rúa e soamente serán destinadas a nenos e nenas empadroados/as no Concello.

b. O Tempo de Lecer terá un límite de prazas de 70 nenas/nenos

i. Para os casos en que as circunstancias socio-familiares ocasionen un grave risco de exclusión para o neno ou nena, resérvanse tres prazas de acceso directo. Estas tres prazas serán ditaminadas, no caso de concederse, polos Servizos Sociais do Concello da Rúa e soamente serán destinadas a nenos e nenas empadroados/as no Concello.

## Artigo 6º. Localización

1. O Servizo de Ludoteca e Coidado de nenas e nenos prestarase nas instalacións do Colexio Público Manuel Respino (avda. de Vilela, 34).

2. O Servizo de Tempo de Lecer prestarase en distintas instalacións do concello segundo as necesidades do servizo: Colexio Público Manuel Respino, Pavillón Municipal de Deportes e Casa da Cultura .

## Artigo 7º. Solicitudes e prazos de inscrición

Os proxenitores ou titores legais das nenas e nenos que desexen acceder aos servizos de ludoteca, coidado de nenas e nenos e do tempo de lecer presentarán a correspondente solicitude dirixida á alcaldesa do Concello da Rúa nos períodos de matrícula que seguen:

- Ludoteca e coidado de nenas e nenos: apertura do período de matriculación o 1 de xullo ou primeiro día hábil do mes. Remate de recepción de solicitudes o 31 de xullo o seguinte día hábil, no caso de ser festivo ou inhábil dito día. No caso de non cubrirse coas solicitudes o número total de prazas, o prazo continuará aberto mentres haxa prazas dispoñibles.

- Tempo de lecer: apertura do período de matriculación: 1 de maio ou primeiro día hábil do mes. Remate da recepción de solicitudes: 31 de maio o seguinte día hábil, no caso de ser festivo ou inhábil



dito día. No caso de non cubrirse coas solicitudes o número total de prazas, o prazo continuará aberto mentres haxa prazas dispoñibles.

1. Documentación. Xunto á solicitude de inscrición acompañarase a seguinte documentación:

- a. 2 Fotografías recentes da nena/neno.
- b. Certificado de empadramento.
- c. Fotocopia do libro de familia ou, no seu defecto, partida de nacemento do neno/nena para o/a que se solicita a praza.
- d. Fotocopia do DNI dos proxenitores ou titores.
- e. Certificado de convivencia dos proxenitores (de ser o caso).
- f. Acreditación de familia monoparental (de ser o caso).
- g. No caso de cursar estudos oficiais algún dos proxenitores ou titores do menor, certificado acreditativo de tal circunstancia.
- h. Calquera outro documento acreditativo daquelas situacións que por baremo sexan susceptibles de puntuación.
- i. Informe acreditativo de alerxias e/ou intolerancias alimenticias.
- j. Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social ou do seguro médico no que está inscrita/o a/o menor.
- k. No caso de domiciliar o pago, número de conta bancaria onde se recibirá o cargo da cota mensual da Ludoteca

## Artigo 8º. Criterios de valoración

Unha vez finalizados os prazos de presentación de solicitudes de novo ingreso e segundo a documentación presentada, procederase á valoración destas; competencia que recae na Xunta de Goberno Local conforme ao seguinte baremo de puntuación:

### Veciñanza

A/ Unidade familiar empadroadada no Concello da Rúa: 15

B/ Un dos proxenitores ou titores e o/a menor empadroados na Rúa: 8

C/Non empadroados: 0

### Situación laboral

A/ Proxenitores ou titores traballando ambos os dous: 5

B/ Familia monoparental traballando: 5

C/Pai, nai ou titor traballando e o/a outro/a cursando estudos oficiais en horario diúrno que implique dedicación preferente, debidamente xustificada: 3

D/ Un dos proxenitores ou titores traballando e o/a outro/a con impedimento para atender ao menor debidamente certificado: 5

### Situación socio-familiar

A/ Familia numerosa: 3



B/ Familia monoparental, falecemento dun dos proxenitores ou titores, abandono...: 3

C/ Irmáns ou irmás admitidos no proceso de selección: 3

Enténdese por unidade familiar todas aquelas persoas que convivan no mesmo domicilio relacionadas entre si:

- Vínculo matrimonial ou unión de feito.
- Por parentesco de consanguinidade, adopción ou afinidade até o segundo grao.
- Por situación derivada de acollemento familiar simple, permanente ou preadoptivo.
- A familia monoparental, entendendo aquel suposto no que o/a menor vive exclusivamente con un dos proxenitores, tanto nos casos de viuvez, separación ou divorcio, como naqueles supostos nos que o/a menor fose recoñecido por un dos proxenitores.

En calquera dos casos acreditados considerárase a situación de convivencia na data da solicitude.

En caso de empate entre varias solicitudes resolverase este de acordo aos seguintes criterios segundo a orde sinalada:

1. Unidade familiar empadroadada no Concello da Rúa
2. Un dos proxenitores ou titores e o menor empadroados no Concello da Rúa
3. Familia monoparental
4. Familia numerosa
5. Maior puntuación por irmáns/irmás con praza no centro.
- 6.-Data e hora de presentación da solicitude.

Artigo 9º. Admisión, matriculación e baixa

1. As listas provisionais de admitidas/os e excluídas/os publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello e na súa páxina web ([www.arua.gal](http://www.arua.gal)). Poderán presentarse reclamacións ás listas provisionais durante o prazo de 10 días naturais desde a súa publicación. As reclamacións serán resoltas pola Xunta de Goberno Local. A lista definitiva publicárase igualmente no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web, pasando as/os non seleccionadas/os a integrar a lista de agarda.

2. O período de matriculación será do 20 ao 25 (ambos incluídos) de xuño, no caso do Tempo de Lecer e do 20 ao 25 (ambos incluídos) de agosto no caso da Ludoteca. Pasado ese tempo sen formalizar a matrícula perderase o dereito á praza.

3. No caso de producirse vacantes durante o curso estas cubriranse coa lista de agarda por rigorosa orde de puntuación. No caso de non existir lista de agarda os proxenitores ou titores poderán presentar solicitude de admisión, aplicándose os criterios de baremación establecidos.

4. Motivos de baixa:

a. As baixas voluntarias que se produzan durante o curso escolar deberán ser comunicadas por escrito no Rexistro Xeral do Concello da Rúa polos proxenitores ou titores do/a neno/a para poder establecer a data a partir da cal deixarán de aboarse as cotas correspondentes. En todo caso a baixa farase efectiva no día 1 do mes seguinte á comunicación no rexistro.



b. Non estará permitida a reserva de praza. Os alumnos e alumnas admitidos na ludoteca perderán o seu dereito de asistencia pasado un mes de ausencia inxustificada.

#### Disposición final

A entrada en vigor desta ordenanza producirase pasados quince días hábiles o seguinte da publicación íntegra do seu articulado no BOP de Ourense, tal e como sinala o artigo 70.2 en correspondencia co 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril.

**R. 854**

